



INFORME DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE MODIFICA O DECRETO 248/2007, DO 20 DE DECEMBRO, POLO QUE SE CREA E SE REGULA O REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO DE GALICIA

Esta Secretaría Xeral Técnica, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e logo de examinar o <Proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia>, emite o seguinte:

INFORME

1. Marco normativo e competencia.

O artigo 27.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia establece como competencia exclusiva da Comunidade Autónoma a <conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do Dereito Civil Galego>, ao abeiro do artigo 149.1.8 da Constitución Española, que establece como competencia exclusiva do Estado a <lexislación civil, sen prexuízo da conservación, modificación e desenvolvemento polas Comunidades Autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan>.

Neste marco normativo, a disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, na redacción dada pola Lei 10/2007, do 28 de xuño, sinala que terán a condición de parellas de feito as unións de dúas persoas maiores de idade, capaces, que convivan coa intención ou vocación de permanencia nunha relación de afectividade análoga á conxugal e que a inscriban no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, expresando a súa vontade de equiparar os seus efectos aos do matrimonio.

Así mesmo, a disposición derradeira da Lei 10/2007, do 28 de xuño, establece que no prazo dun mes a contar dende a publicación da lei no Diario Oficial de Galicia, a Xunta de Galicia aprobará un decreto mediante o cal se creará e regulará a organización e a xestión do Rexistro de Parellas de feito de Galicia, que terá carácter constitutivo e no que se inscribirán necesariamente as declaracións formais de constitución de parellas de feito, as modificacións e as extincións, calquera que sexa a súa causa.

En virtude do anterior, aprobouse o Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia (DOG núm. 5, do 8 de xaneiro de 2008), no cal se establecen as normas básicas da súa organización e



funcionamento.

2. Necesidade e oportunidade

O proxecto de decreto ten por obxecto a modificación parcial do Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.

Dado o tempo transcorrido dende a entrada en vigor do Decreto 248/2007, do 20 de decembro, coas modificacións introducidas no ano 2014 mediante o Decreto 146/2014, de 13 de novembro (DOG núm. 224, do 21 de novembro), coa presente modificación trátase de dar resposta á necesidade de adaptar a regulación da xestión do Rexistro ás novas tecnoloxías, así como dar resposta ás incidencias que afectan ao desenvolvemento ordinario dos procedementos que se tramitan ante os Rexistros de Parellas de Feito de Galicia e adecuar as referencias normativas, suprimindo referencias a disposicións que non se atopan en vigor.

A regulación proposta adapta o procedemento de inscrición, modificación e cancelación de parellas de feito e a regulación do Rexistro á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, así como ao disposto na Lei 4/2019, do 17 de xullo, da administración dixital de Galicia.

Así mesmo, introduce melloras para dar resposta á problemática derivada da tramitación, posta de manifesto polo persoal encargado dos Rexistros e en queixas da cidadanía: establécese a documentación e forma de acreditación do cumprimento de todos os requisitos esixidos, aténdese á necesaria equivalencia entre os artigos 5 e 11 do Decreto 248/2007, do 20 de decembro, que se refiren, respectivamente, aos requisitos para a inscrición no Rexistro de Parellas de Feito e aos requisitos comúns das solicitudes de inscrición, cubrindo o baleiro legal que se produce na redacción actual.

Finalmente, acométese a adecuación das referencias normativas á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 4/2019, de 17 de xullo, da administración dixital de Galicia, Lei orgánica 3/2018, de 5 decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e incorpórase a referencia aos Departamentos Territoriais nos termos establecidos no Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia.





3. Estrutura e contido

A disposición estruturase nun artigo único que modifica o artigo 8, referido á publicidade e cesión de datos; o artigo 9, referido aos requisitos das solicitudes, lugar e forma de presentación; o artigo 10, referido á lexitimación para solicitar as inscricións; o artigo 11, referido aos requisitos comúns das solicitudes de inscrición; o artigo 13, referido aos requisitos das solicitudes de incorporación ou modificación de pacto, no que se introduce un inciso final; o artigo 14, referido aos requisitos das solicitudes de certificación, no que se introduce un inciso final; engade o artigo 16 bis relativo a trámites posteriores á presentación da solicitude; modifica a referencia normativa do artigo 17; modifica o artigo 19, referido á resolución, prazo, motivación e notificación; modifica o número 2 do artigo 21 referido ao contido da inscrición no rexistro; modifica o número 2 do artigo 23, referido á cancelación da inscrición; modifica o artigo 24, referido á corrección de erros no Rexistro; modifica o número 1 do artigo 26 no que se refire ao acceso á consulta da información contida no Rexistro; modifica a disposición adicional primeira, referida aos formularios dos procedementos administrativos; modifica a disposición adicional segunda para a actualización da normativa en materia de datos de carácter persoal; engade unha disposición adicional terceira relativa ás referencias aos Departamentos Territoriais; modifica os anexos I a VI e engade o anexo VII, que contén o formulario de autorización para a presentación da solicitude e comprobación de datos da outra persoa da parella. Conta cunha disposición transitoria única, que regula o réxime transitorio dos procedementos, unha disposición derogatoria única e unha disposición derradeira única, de entrada en vigor.

4. Tramitación

O procedemento de elaboración do presente proxecto axustouse ao disposto nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Consta no expediente a documentación xustificativa dos seguintes trámites:

1. Acordo de inicio 14.06.2023
2. Certificado consulta pública previa 07.07.2023
3. Memoria xustificativa 12.07.2023.
4. Memoria económica 10.07.2023.



5. Táboa de vixencias 10.07.2023.
6. Informe Servizo Técnico-Normativo 13.07.2023.
7. Aprobación do proxecto 03.08.2023.
8. Proxecto de decreto 03.08.2023.
9. Memoria para envío trámite de audiencia e información pública 07.08.2023
10. Audiencia FEGAMP 08.08.2023.
11. Información pública. DOG 14.08.2023.
12. Certificado publicación Portal Transparencia 12.09.2023.
13. Memoria tratamento dado ás alegacións recibidas 03.10.2023.
14. Informe Dirección Xeral de Planificación e orzamentos 10.10.2023.
15. Informe Dirección Xeral de Simplificación administrativa 17.10.2023.
16. Informe Secretaría Xeral da Igualdade 18.10.2023.
17. Informe Dirección Xeral da Función Pública, 21.10.2023.
18. Informe impacto demográfico 16.10.2023.
19. Informe Instituto Galego de Estatística 06.10.2023.
20. Informe Órgano estatístico sectorial 13.10.2023.
21. Informe tecnolóxico-funcional 21.05.2024.
22. Memoria do tratamento dado ás observacións recibidas 31.05.2024.
23. Informe Asesoría Xurídica 11.09.2024 e memoria do 07.11.2024 do tratamento dado ás súas observacións.

En virtude do exposto, esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o *<Proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia>*, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

O Secretario Xeral Técnico

Francisco Javier Abad Pardo

